



O xurado do IV Premio de Poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadáns acordou conceder o premio que recaeu este ano en **Carlos Solla**, domiciliado en Pontevedra, que presentou a obra *Holocausto Zaoe*.

Bio-bibliografía.

Carlos Solla naceu en Pontevedra no ano 1971. É profesor de Lingua Galega, escritor e etnógrafo. Membro da Asociación Cultural e Ecoloxista *Verbo Xido*, da Terra de Montes, e do Grupo de Estudos Etnográficos *Serpe Bichoca*

. Ten unha abundante obra ensaística e etnográficas sobre Cerdedo, o Monte do Seixo e o Río dos Gafos, entre outros e colabora en media ducia de obras colectivas.

No eido da poesía ten publicados os poemarios *Ras e tritongos*, 2003, antoloxía poética que inclúe: *Xábregos, Mel de*
arañas e *Ter*
ras raras

.
Cerdedo in the Voyager I
, 2004 (poesía visual).
Libro de reclamacións
, 2005 (poesía visual).
Pan prós crocodilos

Escrito por Carlos Méixome
Sábado, 10 Setembro 2011 07:58

, 2010. Recentemente acadou o premio Johan Carballeira co libro *Koyi Kabuto. Lume de ollos MazinGZ*

Valoración.

O xurado do certame Victoriano Taibo valorou a unidade e a elección temática do orixinal. O libro é unha alegoría sobre a situación do idioma e da identidade do pobo galego. A ironía e o humor son os recursos fundamentais para esquivar o desacougo tráxico que os poemas nos relatán, pois malia o sorriso que conseguen debuxar en nós, non podemos ignorar a realidade negativa dos seus enunciados. *Holocausto Zaoe* é a demostración de que a poesía é divertimento e mensaxe, un medio para reflexionar e concienciarse da realidade que nós rodea.

Antecedentes.

O certame de Poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadáns foi creado no ano 2008 dentro de diversas accións levadas a cabo polo IEM, co patrocinio principal, aínda que non único, da Entidade Local de Morgadáns, que tiñan por obxecto renderlle unha homenaxe ao escritor, poeta e académico Victoriano Taibo, rescatalo do esquecemento no que inxustamente estaba asolagado e vinculalo definitivamente ao lugar onde por máis tempo desenvolveu o seu labor docente e cultural, a parroquia de Morgadáns.

O premio tan recentemente creado tivo unha boa acollida dende o principio, pois nas catro convocatorias que leva rexistradas houbo sempre unha participación de máis de corenta orixinais, con abundancia, en todos os casos, de textos de gran calidade.

O I Premio (entregado en novembro de 2008) recaeu no libro ***Cultivos Transxénicos*** do poeta lalinense
Carlos Negro

O II (novembro de 2009) foi concedido ex-aequo a ***Cuarto Minguante*** de **M^a Carmen**

Escrito por Carlos Méixome
Sábado, 10 Setembro 2011 07:58

Caramés

e a **Biogra**

fía da Multitude

: escrito a dúas mans por

Elvira Riveiro

e

Silvia Penas

.

O III Premio (decembro 2010) tivo como gañador o poemario titulado **Devastacións**

dispoñibles

da poeta

arousá

M^a

Goretti Fariña

.